

NOVE DE NOVENBRO

[Lázaro Louzao, 2018]

407

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 06 e 9 de xullo de 2018 | V.O.

Nove de novembro (2018, 83')

Dirección: Lázaro Louzao

Guión: Lázaro Louzao

Elenco: Ademar Silvos, Brais Yanek, Sabela Arán, Carlos Roma

Son: Eviroula Dourou, Lorena Ferreiro

Montaxe: Juan Camilo Castillo, Lázaro Louzao, Maite Redondo

Fotografía: Maite Redondo, Iago Vilarinho

Dirección de arte: Alberte Bello

Vestuario: Alberte Bello

Produtoras: Costura Films (España)

Distribuidora: Costura Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Galego, 1.77:1

FILMOGRAFÍA

La luz que no vemos, 2015

[curtametraxe]

Crac, 2014

Los seres sombríos, 2013 [curtametraxe]

SINOPSE

Roberto e Miguel levan saíndo xuntos dez anos. Unha década de vida en común que volverá á súa memoria ao longo de catro días de novembro. Unha relación que parecía funcionar comenza a esgazar co regreso de cada recordo. Unha bagaxe que cada vez pesa máis irá desvelando a auténtica natureza da súa vida xuntos. Paralelamente, a máis de 2000km de distancia, no Berlín dividido, outra relación moito máis grande está a piques de mudar tamén.



“Vivimos un espellismo de normalización do colectivo LGTB”

Entrevista con Lázaro Louzao

Por Alberto Quian

Como xurdiu a idea de *Nove de Novembro*?

Nove de Novembro xorde dunha idea moi simple, de querer facer unha metáfora entre a caída do Muro de Berlín e a caída do muro que separa a dúas persoas na recta final da súa relación de parella.

Por que novembro de 1989? Polo Muro de Berlín, de feito o título fai referencia ao día que cae o Muro, e iso sèrveme como marco para tratar todos os demais temas do filme.

Entre a Galicia daquela época e o Berlín que derrubou o Muro non so hai distancias físicas, senón tamén importantes diferenzas culturais. Que une e separa nesta historia eses dous mundos?

Sepáraos todo. A graza dese xogo, na miña opinión, é que mentres os protagonistas están encerrados no seu mundo e no que está pasando na súa relación, ao mesmo tempo o mundo enteiro está tamén mudando e é precisamente iso o que os une tamén, o cambio e a incerteza do que virá despois.

É unha historia romántica, un drama, unha historia de denuncia, unha

historia para a concienciación social...?

Como a definiría? Creo que ten un pouco de todo iso. A trama principal é un drama romántico, pero o transcórrese naquela época sèrveme para falar de moitas outras cousas que estaban a acontecer, como a epidemia da sida, a heroína, a Lei de vagos e maleantes...

A historia sitúase nunha época moi dura para o colectivo gai, polo sida, a estigmatización social... Como é a vida para os protagonistas nese contexto social?

É unha vida moi distinta á que levamos os gais agora. Miguel e Roberto pasan case todo o tempo sós, en parte porque a súa relación se está descompoñendo e están vivindo un momento moi catártico de dicirse o un ao outro todo o que non se dixeran, pero tamén porque naquela época esas cousas non podían pasar en público.

Nos últimos tempos tense falado de homofobia ou transfobia polas campañas da organización ultracatólica *Hazte Oír*, ás que hai que sumar ataques físicos e verbais ao colectivo LGTBI. Que está a fallar e que papel pode ou debe xogar o cinema neste asunto?

O cinema, como as demais artes, debe sempre posicionarse, sen caer tampouco no panfleto nin na propaganda, pero ningunha obra é inocente ou obxectiva. Na actualidade vivimos un espellismo de normalización, de que o colectivo LGTB está integrado na sociedade, que a discriminación é cousa do pasado, mais non é certo. O caso do autobús dos energúmenos de *Hazte Oír* é un claro exemplo disto, ou que se abrisen

dilixencias xudiciais contra a raíña drag do entroido de Las Palmas polo espectáculo que fixo. Isto último lembroume a cando levaron a xuízo a Javier Krahe por cociñar un crucifixo ou cando a Fresh Gallery de Madrid recibiu ameazas e piquetes ultras por unha exposición de Bruce La Bruce. Pode que agora a maioría social estea do noso lado e que esteamos legalmente máis ou menos cubertos, pero seguimos sufrindo ataques a diario. Queda moitísimo traballo por facer.

Á estigmatización do colectivo LGTB súmase a estigmatización do idioma galego, desprestixiado durante moitos anos, por herdanza do franquismo, malia ser a lingua propia do país.

Rodar o primeiro filme LGTB en galego é un acto subversivo? E que papel xoga a lingua na propia historia do filme? Usar o galego é un acto subversivo, tanto rodar un filme como ir polo pan. Nas cidades galegas, usalo en calquera ámbito é subversivo. Ti entras nun local comercial falando en galego e a xente que alí traballa resposta en castelán, moitas veces porque unha norma interna da empresa os obriga. Un idioma non se desprestixia facilmente, ten que haber unha clara intención de atacalo dende as esferas de poder, e están a gañar. O estado do galego no ensino é calamitoso e a porcentaxe de galegofalantes nas áreas urbanas é vergoento. *Nove de Novembro* é en galego porque os seus protagonistas son galegos e a historia transcórrese en Galicia; o inexplicable sería que a rodase en castelán.

Publicado por galiciainconfidencial.com

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por 4,5€

Faite
NUMAX!